

Nesta reunión a CIG novamente, denunciou a política de recursos humanos da DGP, baseada na perpetuidade da provisionalidade, a falta de transparencia na cobertura de postos e a obstaculización do dereito á mobilidade do persoal.

No que vai de ano, en Galicia, ademais dos postos xa en **comisión de servizos**, ocupáronse 9 postos máis en comisión que logo non se van incluír no **concurso** de traslados que se vai convocar en setembro.

A distribución destes postos é a seguinte:

- 3 na Xefatura Superior.
- 1 na C. Local de Monforte.
- 2 na C. Provincial de Ourense.
- 1 na C. Local de Marín.
- 2 na C. Local de Vigo.

Esta figura, concibida como mecanismo excepcional e temporal para cubrir necesidades urxentes, se está utilizando para manter a certos postos ocupados provisionalmente de xeito indefinido, xerando un clima de incerteza laboral. Actualmente, na Galiza hai **4 postos** en comisión dende a primavera do **2023** (dous na provincia de Pontevedra e dous na da Coruña). Isto incumpre o máximo de 2 anos legalmente establecido.

Estamos ante unha política de recursos humanos que consideramos que ignora a normativa e vulnera os dereitos do persoal creando agravios comparativos e desmotivación.

A DGP pasou os datos de distribución da **produtividade**. Xa se creou un grupo de traballo para abordar algunhas modificacións na instrución pero non van ser de calado por falta de orzamento. A vindeira reunión será en setembro.